



### Elaboración de papel reciclado

- Papel de periódico.
- Tintes Iberia
- Papel hixiénico
- Marcos de madeira con e sen rexilla.
- Recipientes grandes.
- Baietas Spontex.
- Batidora.
- Cubetas de plástico.
- Xarra de auga.

Primeiro cortar en trociños moi pequenos o papel e metelo en auga para que ablande. Pasar a batidora para pica-lo moi finiño e así formar a pulpa de papel. Engadirlle os elementos que se queiran (folliñas, flores, colorante, fibras, etc.). Cando esté lista a pasta de papel colocar sobre unha mesa o recipiente con ela, unha xarra de auga (para diluir + ou - a pasta), cubetas de plástico para ir quitando a auga sobrante e baietas para eliminar a humidade da folla elaborada. Para face-las follas debemos coller un pouco de pasta do recipiente axudándonos dos marcos de rexilla e o que non a ten por enriba (que lle dará a forma á folla de papel). Logo debemos pasar por tódolos recipientes valeirando a maior cantidade de auga posible. Cando esté casi seca quitamos o marco de arriba (sen rexilla) e pasaremos a folla de papel á baieta, dándolle a volta para que nos quede sobre ela. A continuación, con outra baieta cubriremos a folla de papel e, pouco a pouco, iremos quitándolle a auga que aínda teña. Finalmente, para que seque de todo, podemos colga-la na mesma baieta ou poñela sobre o vidro dunha ventana e deixando a folla ben pegada ata que seque, retirandoa con coidado do cristal.

¡ Xa tes a túa folla de papel reciclado !

## Os residuos en Alvarella



Caderno do/a alumno/a



Na Natureza non existen residuos, xa que todo o proceso de produción ten o seu complementario de degradación. Isto levou a manter un equilibrio (dinámico) durante milleiros de anos. Os residuos producidos na Natureza lonxe de ser un problema, constituen unha fonte de vida, é dicir son o comenzo e o final do ciclo da vida. Na Natureza todo se Re-cicla.

Este ciclo foi imitado durante séculos (en moitos caso segue a selo) polos labregos/as, mantendo unha harmonía entre a produción e o reaproveitamento, como fertilizante para novos cultivos.

A problemática dos residuos é relativamente recente, ligada as cidades e o mundo moderno así como a sua cultura do "usar e tirar".

### Pero ¿que é un residuo?

Según a lei 10/1998 un residuo é: "calqueira sutancia da cal o poseedor se desprenda ou do que teña intención e obrigación de desprenderse".

É dicir, un obxecto será un residuo dependendo da opinión que o dono teña del. Así, un poster dun cantante ou dun futbolista famoso pode non ter interese para un rapaz ou rapaza, ou ben ser a imaxe para unha carpeta.

Escribe o nome ou debuxa dous obxectos que para ti non teñan interese, e sen embargo poidan ser un recurso.





A recente problemática dos residuos ten a súa orixe tanto no incremento da cantidade como na composición do lixo, xa que cada vez se producen máis residuos que non son asimilados pola Natureza (plásticos, vidro, latas.....). Isto deu lugar a aparición de vertedoiros, algúns incontrolados, onde se acumulan e/ou queiman parte destes residuos, e que provocan:

- 🌿 Deterioro da paisaxe
- 🌿 Contaminación de augas superficiais e subterráneas
- 🌿 Incremento da fauna (ratas, gaivotas, insectos)
- 🌿 Incendios
- 🌿 Saberías dicir ti algún máis.....

Sabés cal é o mellor lixo? Pois, **o que non se produce.**

A solución a problemática do lixo pasará logo polas TRES ERRES  
Sabes cales son? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

A primeira e máis importante das R é a REDUCCIÓN, xa que se reducimos a cantidade de lixo, estaremos por unha banda evitando gastos no seu tratamento e por outra aforraremos materias primas.

A REUTILIZACIÓN consiste en darlle un novo uso a ese residuo. Reducindo tamén a cantidade de residuos, materias primas e enerxía así as compras innecesarias.

E por último está a RECICLAXE que consiste en aproveitar os residuos para elaborar novos produtos.

## TIPOS DE TRATAMENTO DO LIXO

Coñeces os distintos tipos de tratamento que hai en Galicia?. Aquí contamos cos tres tipos de tratamento máis habituais:

- 🌿 a incineración (Sogama)
- 🌿 os vertedoiros
- 🌿 a compostaxe (Nostián e Lousame)

Estos tratamentos van acompañados da reciclaxe de papel, vidro e envases e embalaxes (contentores azul, iglú verde e amarelo/laranxa respectivamente).

Se te acordas a parte máis abundosa do lixo era a materia orgánica con case o 50 % en peso. Polo tanto, se queremos comezar a reciclar os residuos, esta reciclaxe debería comezar por ésta.

Sabes que se fai coa materia orgánica da tua vila ou cidade?

\_\_\_\_\_

Sabes se ésta pode reciclarse? \_\_\_\_\_





Na **incineración** se queima a materia orgánica e se obtén enerxía.

Crés que isto é unha boa forma de reciclar esta materia?. A consideras axeitada?

A **compostaxe** é a reciclaxe da materia orgánica. E un proceso de fermentación a través de microorganismos, fungos, insectos, etc que da lugar a un fertilizante de gran calidade, que se chama compost. A compostaxe consegue por tanto pechar o ciclo da materia orgánica, e polo tanto, é unha forma activa de protexer o medio. Para facer o compost utilízanse materiais de diferentes clases: materia húmida e rica en nitróxeno como restos de verduras e froitas crus, pusos de café, pan, herba, flores, ... e tamén materia seca e rica en carbono como follas secas, labras ou restos de madeira, palla,...

Podemos aportar ademáis en pequenas cantidades: mondas de cítricos, papel de cociña, papel ou cartón sen tinta, ...

Debemos evitar engadir no noso compostador materiais como: excrementos de animais, plantas enfermas, produtos derivados do leite, papel ou cartón impresos, metais, plásticos e vidro.



En Alvarella reciclamos moitos materiais, recollendo cada resíduo na súa papeleira correspondente. Nas comidas reciclamos a materia orgánica e outros materiais para botar no noso compostador. Nel, coa axuda das miñocas (vermicompostaxe) transfórmase a materia orgánica en humus,

que logo se utiliza para abonar a horta e o xardín do albergue, polo que se fai dunha maneira moito máis natural, sen usar abonos químicos.

Non todo o mundo produce a mesma cantidade de lixo, así nos países non desenvolvidos a cantidade e moitísimo menor que nos países do Norte, e mesmo nestes non se xenera os mesmos residuos na cidade que no rural.

¿Onde crés que se producirá máis? ¿Sabés que cantidade de residuos se produce por persoa e día?

En Galicia, a media está nun kilogramo de lixo por persoa e día, aínda que está a subir, ¿a que crés que se debe?

**Une con frechas ás porcentaxes (en peso) correspondentes ós distintos residuos que se mostran.**

